

Sen avances nas negociacións do XVI convenio estatal de servizo e atención ás persoas con discapacidade

As patronais seguen instaladas no inmovilismo e involucionismo normativo, mentres os sindicatos estatais maioritarios amosan complicidade prorrogando tres anos máis o XV convenio e asinando táboas salariais á medida das empresas, desbotando a presión social proposta pola CIG-Ensino como único camiño para desbloquear esta situación e poder avanzar e dignificar o convenio.

Despois de case tres anos de “negociacións” (comezaron en marzo de 2021), un total de 30 “mesas negociadoras” e dúas xuntanzas no SIMA (12 de xullo e 2 de outubro de 2023) o único que se acadou foi a sinatura de **dous Acordos Parciais das táboas salariais** (un en decembro de 2022, [BOE 16/02/2023](#), e outro en outubro de 2023, [BOE 8/01/2024](#) á medida e interese da patronal, pois supuxeron o seguinte:

- Aplicar o que di o XV convenio no artigo 32.1, ratificado na súa contextualidade pola Audiencia Nacional (AN) en sentenza e que a patronal se viu obrigada a cumprir, asinándose así as **táboas salariais de 2022** para centros asistenciais e de emprego, **ate 2025 e con perda de poder adquisitivo.**
- **Adaptación á reforma laboral en “contratacións”** cara o XVI convenio, **segundo os intereses da patronal** (situación máis precaria para contratos fixos descontinuos parciais e temporais), o que supón unha **involución.**
- Actualizar a Disposición Transitoria 7ª referida á **aplicación do SMI, que manterá a absorción dos complementos salariais recollidos no convenio, agás o de nocturnidade.** Outra involución!
- **Asinar as táboas salariais para 2022 e 2023 dos centros de educación especial**, nos mesmos termos que no convenio da concertada, con **atraso no pago e perda de poder adquisitivo!**

Estase a cumprir, tal e como predicimos na CIG-Ensino e fixemos público no seu día: “unha vez que se asinen estes acordos parciais salariais, pecharíase o XVI convenio tal e como quere a patronal e como



moito só se avanzaría na adaptación legal do resto do texto, por obriga normativa”, non aceptándose polas patronais ningunhas melloras laborais e sociais, ate o seu remate o 31/12/2024, data na que comezaría a negociación do XVII convenio.

A modo cronolóxico estes foron os temas tratados do resto do articulado do XV convenio, nas dez mesas posteriores e dous SIMA ao 1º Acordo Parcial das táboas principais do XVI convenio asinado en decembro de 2022:

Temas	Patronal	Parte social	CIG-Ensino
Permisos e licenzas	Só adaptación normativa e introdución de "medidas de cautela" a algún dereito por abusivo e recorrible!	A estudar a medida de cautela e só propoñían mínimos avances e melloras non aceptadas pola patronal. Posible acordo...	Inaceptable "cautela", por mal precedente. Melloras significativas e recuperación das do XIII convenio perdidas. Lonxe do acordo.
Contratacións	Adaptación normativa e aplicación das normas máis restritivas.	Acordada e aceptada, agás regulación do persoal fixo discontinuo.	Rexeitado o do persoal fixo discontinuo parcial e temporal até 1 ano. Regulación deste tipo de contratos.
Clasificación profesional	Non aceptan cambios propostos pola parte social, pendente de dar resposta. Sen xustificación...	Proposta de cambios nas categorías, introdución de novas, eliminación doutras, cambios na mobilidade funcional...	Compartimos proposta coa parte social.
Artigo 29	División patronal, só CONACEE acepta proposta social, non sendo aceptada polas maioritarias e sen dar saídas nin emendar texto proposto. Máis preocupadas polo posible "negocio" que de facer fronte á precariedade e explotación.	Proposta partindo de que o persoal con discapacidade nos centros especiais de emprego debe cobrar segundo o tipo de traballo que fai, sen diferencias polo tipo de centro, aplicando convenio axeitado ás funcións e nunca por debaixo deste XVI.	Compartimos proposta da parte social. Cero explotación e precariedade laboral.
Artigo 32 - Revisións salariais trianuais	Proposta á baixa en como aplicar dito artigo, na liña do que defenderon na AN e que perderon. Ese IPC acumulado dos 3 anos do convenio queren que se aplique repartido nos seguintes 3 anos do novo convenio e non todo no 1º ano e logo os 2 seguintes conxelación.	Ao ser un dereito recollido no XV convenio e ratificado na AN, só se acepta modificalo de forma que non se perda no global e que o persoal se vexa mellorado noutros temas, como por exemplo eliminar operarios/as, pasando a técnicos/as auxiliares e estes ter o SMI como salario base e diferencial salarial para a categoría de técnicos/as.	Unha das razóns de que a CIG non asinara o convenio foi este artigo (acompañado da perda dos trienios) pois supón consolidar a perda de poder adquisitivo do persoal e medrar na precariedade salarial . Propomos cláusula revisión salarial anual co IPC e recuperar TRIENIOS . Cero involucións!
IT - Baixas laborais	Propostas á baixa polo custe que lles supón o "enorme absentismo laboral". Sen facer por escrito nova proposta.	Rexeitadas, pero con disposición a negociar artigo con datos e xustificacións reais, con avances na xornada a tratar na negociación tamén.	Só cabe recuperar os dereitos que había no XIII convenio e este absentismo só se xustifica polas xornadas e cargas de traballo abusivas (+ a Covid). Sobre a xornada debe tratarse ao igual que as vacacións e outras melloras sociais , pendentes e precisas.
Artigo 35- Nocturnidade a pagar as vacacións	Fan proposta por debaixo do acordado nun SIMA tras denuncia da CIG . Propoñen aplicación restritiva da sentenza do Supremo na aplicación da mesma.	Inasumible esa proposta e ademais deben pagarse os demais complementos nas vacacións, así como en calquera outra ausencia regulada no convenio.	Coincidimos coa parte social e máis porque foi unha denuncia da CIG que nos levou a regular ben este artigo e por suposto o de vacacións e calquera outra ausencia legal e xustificada.

As intencións das partes podémolas resumir en **inmovilismo e involucionismo** (até no normativo) por parte da **patronal**, mentres os **sindicatos estatais maioritarios** amosaron **complicidade a pechar en falso o XVI convenio**, prorrogando tres



anos máis o XV convenio. Case tres anos negociando con cero acordos, non acadando nin un só avance e resultando todo ser unha perda de tempo máis que evidente.

Aínda así marcáronse dúas datas máis de negociación: o 19 de marzo! (a patronal asegura precisar tempo para facer unha proposta global para pechar o convenio, priorizando os artigos 32 e 29) e o 4 de abril. A este paso cando se asine, xa comezamos a negociar o seguinte.

Marco de negociación estatal inútil para mellorar os dereitos da clase traballadora. Cando a parte social maioritaria vai “petar enriba da mesa”?

Mais unha vez, as “negociacións” deste XVI convenio estatal son estériles, mesmo involutivas, alén de se demorar no tempo con efectos moi negativos para o persoal, pois ou se moven ao ritmo que marcan e impoñen as patronais ou non van. Así temos feitos como **non cumprir acordos ou preacordos, anular e pospoñer mesas marcadas con moita antelación, non traer propostas para negociar ou mesmo contrapropostas a propostas da parte social con evidentes perdas de tempo, levantarse da mesa de negociación inxustificadamente ou como medida de presión, dar ultimatos á parte social petando enriba da mesa para cerrar acordos...**

A CIG-EnsinO considera un insulto e un desprezo á parte social e ao persoal traballador en particular estas actitudes inxustificadas, daniñas, impositivas e represivas, contra as que estamos dispostas a **denunciar e responder con presión social, mobilizando colectivo**, coma sempre propuxemos, nas distintas mesas estatais nas que estamos presentes como sindicato maioritario na Galiza, e as demais OO.SS estatais rexeitan, ao estar máis dispostas ao pacto e ao entreguismo coas patronais, que logo actúan deste xeito sen miramentos.

Xa é hora que os sindicatos estatais maioritarios “PETEN ENRIBA DA MESA” e cambiemos dinámicas, tal e como vén dicindo a CIG-EnsinO desde hai tempo nestas mesas.

Marco galego de relacións laborais: convenio galego xa no sector da diversidade funcional!

Vistas as cativas negociacións mais unha vez a nivel estatal, por patronais que actúan como “empresas privadas” no canto de “asociacións” e sindicatos estatais entregados e pactistas, desde a CIG-EnsinO seguiremos loitando por un **marco galego de relacións laborais** como a única vía real de dignificación dos dereitos laborais, sociais e salariais do sector, abrindo negociacións por un Convenio Galego con quen ten as competencias (Xunta de Galiza, cun PP á contra) e coas patronais galegas (estas, tanto AEDIGAL como INRED, estarían dispostas a abrir esas negociacións na Galiza, tal e como nos trasladaron en reunións mantidas con elas).

Defendemos a participación dos/as traballadores/as do sector nas negociacións, evitando que as cúpulas dos sindicatos estatais os suplanten e decidan por eles/as. O camiño é o marco galego de negociacións, para o que temos que seguir aumentando a nosa representación sindical maioritaria, superando o 50% na Galiza, ao non contarmos co apoio das outras OOSs estatais.

Apoia o noso modelo sindical reivindicativo, assembleario e combativo como única vía para presionar e forzar negociacións reais que nos encamiñen cara un Convenio Galego Digno. Só coa mobilización social do sector se pode avanzar, pois ninguén dá nada por dar. O exemplo témolo noutros conflitos sectoriais galegos, que amosan as mellores condicións acadadas na Galiza.

QUE NON NOS MOVAN O MARCO

Contra a centralización dos convenios colectivos



Por un marco galego de relacións laborais

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal